CONCELLO DE MUXÍA
Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298
Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 ( A Coruña)
Web: www.concellomuxia.com

**RESULTADO DEFINITIVO DO PROCESO SELECTIVO**

**Posto Técnico/a de turismo subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña**

**Alegacións presentadas na fase de concurso**

| ASPITANTE | RECLAMACIÓN CONCURSO DE MÉRITOS |
|---|---|
| ***33993R | Nova documentación para a súa valoración na fase de concurso |
| ***64954L | Solicita revisión da puntuación da experiencia laboral e que se lle teña en conta a experiencia laboral na entidade Asociación Neria |

Con data 3 de xuño xxx xxx xxx con DNI ***33993R presenta alegación solicitando que se lle teña en conta na fase de concurso un certificado de nivel B2 do idioma francés.

Revisada a documentación presentada pola candidata o Tribunal comproba que o certificado de nivel B2 do idioma francés (asinado pola Escola Oficial de Idiomas da Coruña con data 2 de xuño de 2021), non se atopa entre a documentación acreditativa dos méritos alegados pola candidata no prazo de presentación de solicitudes. Polo tanto, o Tribunal desestima a alegación presentada.

Con data 3 de xuño xxx xxx xxx con DNI ***64954L presenta escrito de alegacións solicitando que se lle recoñeza como Experiencia en Administracións Públicas o tempo de traballo na Asociación Neria.

As bases de selección establecen que se terá en conta a experiencia "Por servizos prestados en administracións públicas en postos de igual ou superior categoría".

A Lei 39 Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas establece no artigo 2.3 que "*Teñen a consideración de Administracións Públicas a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público previstos na letra a) do apartado 2 anterior*"

Por outra banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, recolle no artigo 3 o seguinte:

*1. Son Entidades Locais territoriais: a) O Municipio. b) A Provincia. c) A Illa nos arquipélagos balear e canario.*

*2. Gozan, así mesmo, da condición de Entidades Locais:*

*a) As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, instituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.*

*b) As Áreas metropolitanas.*

*c) As Mancomunidades de Municipios*.

Este Tribunal entende que a Asociación Neria, con CIF G15388051 non ten a consideración de Administración Pública segundo o establecido nas Leis anteriormente citadas que serven de referencia á hora de definir o concepto de Administración Pública. Ademais, segundo os datos dos que dispón este Tribunal, a citada entidade

CVD: S89OISbtwSuWw9Qo0Kfa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE MUXÍA**
Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298
Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 ( A Coruña)
Web: www.concellomuxia.com

constituíuse como asociación sen ánimo de lucro no ano 1992 e réxese pola Lei de asociación. Polo tanto, este Tribunal desestima a alegación presentada.

Resultado definitivo

| IDENTIFICADOR DNI | PUNTUACIÓN FASE OPOSICIÓN | PUNTUACIÓN FASE CONCURSO | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Experiencia | Cursos | Idiomas | Total fase Concurso | |
| ***18933Z | 12 | 2 | 2 | 0,95 | 4,95 | 16,95 |
| ***33993R | 12 | 2 | 2 | 0,9 | 4,9 | 16,9 |
| ***64954L | 13,5 | 0,45 | 1,4 | 0,5 | 2,35 | 15,85 |
| ***39252Q | 11 | 2 | 1,5 | 1 | 4,5 | 15,5 |
| ***34346D | 11,5 | 2 | 1,5 | 0,45 | 3,95 | 15,45 |
| ***07965Y | 11,5 | 0,8 | | 0,45 | 1,25 | 12,75 |
| ***70097R | 11,5 | 0,54 | | 0,45 | 0,99 | 12,49 |
| ***36329Z | 8,5 | 0,83 | 2 | 1 | 3,83 | 12,33 |
| ***13201R | 8,5 | 2 | 0,95 | 0,5 | 3,45 | 11,95 |
| ***76649T | 8,5 | | 2 | 0,5 | 2,5 | 11 |

A persoa con maior puntuación (**identificador ***18933Z**) debe de presentar no prazo de 3 días hábiles a partir da publicación do resultado da selección a seguinte documentación:

- Certificado da conta bancaria e número de afiliación da seguridade social.
- Declaración xurada de non atoparse separado do servizo de AAPP, nin estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade.
- Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada para o posto.

Formalízase listaxe de reserva coas persoas que non obtiveron posto por orde de puntuación.

Asinado. O tribunal

CVD: S890ISbtwSuWw9Qo0Kfa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.